

**Acta número 10/2008, da Comisión de Persoal.**

## **Asistentes:**

### **POLA ADMINISTRACIÓN.**

**Presidenta**

María del Mar Rodríguez Fernández

**Secretario**

Víctor Gallego Vincent

**Presidencia da Xunta de Galicia**

Xesús Riveiro Costa

**Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar**

Ramón del Valle López

**C. Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**

Beatriz Rodríguez Fraga

**C. Economía e Facenda.**

María Dolores Rodríguez Amaya

Luis E. Araújo Rodríguez

J. Carlos Carid Fernández

**C. Innovación e Industria**

José Carlos Fagín Taboada

**C. Medio Rural**

Alberte Souto Souto

**C. Sanidade**

José M. Ferreiro Fernández

**C. Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.**

M<sup>a</sup> Lourdes Batán Aira

**C. Traballo**

José Vázquez Portomeñe

Polas Organizacións Sindicais

**CIG**

**CC.OO.**

**UGT**

**CSI-CSIF**

Manuel Gallardo Canitrot

José Emilio Doforno Guzmán

José Francisco Núñez Rodríguez

Álvaro Fernández Baamonde.

Carmen Noya Castro

En Santiago de Compostela, sendo as 13 horas do día vinte e cinco de xuño do ano dous mil oito, reúnense en sesión ordinaria, no Salón Manuel Colmeriro da Escola Galega de Administración Pública da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, as persoas relacionadas, membros da Comisión de Persoal segundo a seguinte orde do día:

**Punto primeiro. Lectura e aprobación, de ser o caso, da acta 9/2008, correspondente á sesión anterior.**

A presidenta da Comisión de Persoal manifesta que se aproba o presente punto da orde do día por unanimidade.

**Punto segundo. Acordo sobre as condicións de traballo do persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 da Xunta de Galicia do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais.**

O representante da CIG manifesta:

Que vota a favor.

O representante de CCOO manifesta:

Que vota a favor e felicita ao secretario xeral do medio rural polo acordo acadado.

O representante de UGT manifesta:

Que vota a favor.

O representante de CSI-CSIF manifesta:

Que vota en contra mentres non se abra unha mesa de negociación de todo o persoal dos servizos forestais.

A presidenta da Comisión de Persoal manifesta que se aproba o presente punto da orde do día co voto en contra de CSI-CSIF.

**Punto terceiro: proxecto de acordo sobre as condicións de traballo de persoal laboral pertencente ás categorías de encargados de equipos mecánicos (grupo III, cat. 1), oficiais 1ª conductores (grupo III, cat. 63) e oficiais 1ª mecánicos (grupo III, cat. 82), que prestan servizos no servizo de prevención e defensa contra incendios forestais (Delegacións provinciais e distritos forestais da Consellería do Medio Rural)**

O representante da CIG manifesta:

Que vota a favor.

O representante de CCOO manifesta:

Que solicita a retirada do presente punto da orde do día por estar incompleta a documentación achegada coa convocatoria.

O representante de UGT manifesta:

Que vota a favor.

O representante de CSI-CSIF manifesta:

Que non vota por falta de documentación.

A directora xeral da Función Pública manifesta que se convoca para mañá unha comisión de persoal extraordinaria co obxecto de tratar o presente punto da orde do día, retirándose polo tanto da presente comisión.

**Punto cuarto: Rogos e preguntas.**

O representante da CIG fai un rogo, unha pregunta e unha queixa, referida á ausencia por parte da administración dos membros da comisión de persoal, manifestando que algún membro da mesma non ven nunca.

Denuncia CIG, á que se suma CCOO, que en determinados centros da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar non está cumprindo o acordo sobre as vacacións de verán.

Sen mais asuntos que tratar levántase a sesión ás trece horas trinta minutos do día sinalado supra.

**VISTO E PRACE**

A PRESIDENTA

**DOU FE**

SECRETARIO

Asdo.: M<sup>a</sup> del Mar Rodríguez Fernández

Asdo.: Víctor Gallego Víncent.

